

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE DE SKATEBOARD, BMX E ROLLER NO PARQUE DE SAN PELAIO DE NAVIA

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Montes, Parques e Xardíns. Nº expediente 9.683-446

2. Obxecto do contrato: a execución das obras incluídas no proxecto de “Construcción dun parque de skateboard, BMX e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo)”

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 4 meses. Prórroga: Non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base: 247.933,88 euros IVE a soportar pola administración: 52.066,12 euros.-
Orzamento total: 300.000,00 euros

5. Garantías esixidas. a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria:non se esixe.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo G (viais e pistas) – subgrupo 6 (Obras viarias sen cualificación específica) – categoría 2

b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata



Luns, 4 de decembro de 2017

Núm. 232

o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo G (viais e pistas) – subgrupo 6 (Obras viarias sen cualificación específica) – categoría 2

8. Presentación de Ofertas: Prazo: rematará ós 26 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG..

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 24 de novembro de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

